

## **CONVOCATORIA DE MATRÍCULA DA PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA PERSOAS MAIORES DE 25 ANOS (2022)**

A proba de acceso á universidade para as persoas maiores de 25 anos regúlase polo disposto no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), e o disposto na Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG do 4 de abril). Por todo o exposto, e ao abeiro das competencias recoñecidas ás universidades nas disposicións citadas e conforme o expresado no convenio entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)

RESOLVE:

**Convocar a proba de acceso á universidade para as persoas maiores de 25 anos, correspondente ao ano 2022**, no ámbito das tres universidades públicas de Galicia, conforme as seguintes:

BASES

### **1. Quen se pode matricular**

Poden matricularse para realizar a proba as persoas que cumprisen ou cumpran 25 anos de idade no ano natural en que teña lugar a proba (que acreditarán mediante a fotocopia do DNI ou do pasaporte) e que non posúan ningunha titulación académica habilitada para acceder á universidade por outras vías. As persoas solicitantes deberán asinar unha declaración responsable de que todos os datos sinalados na súa solicitude de inscrición para as probas de acceso para maiores de 25 anos son certos e válidos na data de presentación da solicitude.

A ausencia desta acreditación, a falta de veracidade ou a manipulación de datos suporá a perda automática dos dereitos derivados da matrícula nas devanditas probas e/ou a exclusión do proceso de adxudicación de prazas, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que sexan aplicables.

### **2. Prazo, horario e modos de matrícula:**

O prazo de matrícula será do 31 de xaneiro ao 4 de febreiro, ambos os dous inclusive, de acordo coas instrucións que indique a CiUG na súa páxina web ([ciug.gal](http://ciug.gal)).

### **3. Documentación**

Para solicitar a matrícula na proba será necesario achegar a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou do pasaporte (persoas estranxeiras) por ambas as caras.

- b) Xustificante de ter aboadas as taxas de matrícula.
- c) De ser o caso, xustificante do dereito de redución ou exención das taxas de matrícula.
- d) Solicitud de matrícula en que consten os datos da persoa interesada, de acordo coas instrucións que indique a CiUG antes do 25 de xaneiro na súa páxina web (ciug.gal) coa declaración responsable de veracidade dos datos.

#### 4. Prezos públicos

De conformidade co disposto no Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/2022, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (DOG, núm. 132, do 13 de xullo de 2021), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de **63,67 euros**. O aboamento de prezos efectuarase de acordo coas instrucións que indique a CiUG na súa páxina web (ciug.gal).

##### **Exencións no pagamento de prezos públicos por servizos administrativos**

Aplicaranse as exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/2022, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- |  |             |
|--|-------------|
| - Familia numerosa: categoría xeral  | 31,84 euros |
| - Familia numerosa: categoría especial   | Gratuíta    |
| - Persoas con discapacidade ( $\geq 33\%$ ), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero | Gratuíta    |
| - Beneficiarios das axudas ao persoal das universidades do SUG                               | Gratuíta    |

##### **Acreditación das exencións**

(1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa vixente no momento da matrícula.

(2) A condición de persoa con discapacidade ( $\geq 33\%$ ), de vítima de acto terrorista acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se recoñese a condición correspondente que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado, vixente nese momento para que teña eficacia.

(3) A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase no momento da matrícula mediante o documento acreditativo da dita condición que deberá estar

adoptado ou emitido no prazo de 5 anos inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.

(4) Beneficiarios de axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos. Serán beneficiarias das axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das "Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos" de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico:

- Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos/as, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta.
- A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos/as, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia. A situación que dá dereito a axuda deberá estar vixente no momento da matrícula.

## 5. Realización dos exames

Os exercicios que deberán realizarse son os indicados no Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), que poden consultarse na Web da CiUG.

O alumnado matriculado ao abeiro da presente convocatoria realizará os exames da fase xeral, nun chamamento único, o **venres 18 de febreiro**, a partir das 8.30 horas, en Santiago de Compostela. Os exames da fase específica realizaranse, en chamamento único, o **venres 04 de marzo**, a partir das 8.30 horas. O emprazamento das probas anunciarase na páxina Web da CiUG antes do 1 de febreiro.

Os candidatos e candidatas que realicen esta proba terán preferencia para os efectos de ingreso, nas ensinanzas universitarias ofertadas polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

O alumnado deberá realizar a fase específica na opción da súa elección e terá preferencia, para os efectos de ingreso, nas ensinanzas universitarias ofertadas polas universidades do SUG que estean vinculadas a cada unha das opcións, de acordo co establecido no anexo II desta convocatoria.

## 6. Estrutura da proba

A proba de acceso estrutúrase en dúas partes: fase xeral e fase específica.

### FASE XERAL

A fase xeral terá como obxectivo valorar a madurez e a idoneidade das persoas candidatas para seguiren con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. A fase xeral comprenderá os catro exercicios seguintes:

- a) Comentario dun texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade

- b) Lingua castelá
- c) Lingua galega
- d) Lingua estranxeira (elixirase entre alemán, francés, inglés, italiano ou portugués)

Os candidatos e candidatas que acrediten a residencia fóra de Galicia por un período ininterrompido superior aos catro últimos anos poderán solicitar, no momento de se matricularen, a exención do exercicio de Lingua galega. A CiUG comunicarlles aos candidatos ou candidatas a concesión ou non da exención do exercicio de Lingua galega.

#### FASE ESPECÍFICA

A fase específica terá por finalidade valorar as habilidades, capacidades e aptitudes dos candidatos e candidatas para cursaren con éxito as diferentes ensinanzas universitarias vinculadas a cada unha das ramas do coñecemento arredor das que se organizan os estudos universitarios oficiais de grao.

A fase específica estrutúrase nas cinco opcións seguintes vinculadas coas cinco ramas do coñecemento:

- Opción A. Artes e humanidades
- Opción B. Ciencias
- Opción C. Ciencias da saúde
- Opción D. Ciencias xurídicas e sociais
- Opción E. Enxeñaría e arquitectura

O alumnado escollerá no momento de matricularse a opción de que se examinará na fase específica.

A fase específica constará de dúas materias obrigatorias para cada opción, as cales se sinalan a continuación:

- Opción A. Artes e humanidades: Historia da arte e Xeografía
- Opción B. Ciencias: Matemáticas e Química
- Opción C. Ciencias da saúde: Bioloxía e Química
- Opción D. Ciencias xurídicas e sociais: Historia do mundo contemporáneo e Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais
- Opción E. Enxeñaría e arquitectura: Física e Matemáticas

Ademais, a fase específica constará dunha materia optativa que o alumnado debe escoller no momento de matricularse, entre as seguintes materias ofertadas para cada opción:

- Opción A. Debuxo artístico, Latín, Literatura universal e Volume
- Opción B. Bioloxía, Ciencias da Terra e ambientais e Física
- Opción C. Ciencias da Terra e ambientais, Física e Matemáticas
- Opción D. Economía da empresa, Literatura universal e Xeografía
- Opción E. Ciencias da Terra e ambientais, Debuxo técnico e Química

Cada un dos exercicios da fase xeral e da fase específica terá unha duración máxima dunha hora e media. Establecerase un intervalo mínimo de trinta minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para realizar os exercicios, os candidatos e candidatas poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios correspondentes a Lingua castelá, Lingua galega e Lingua estranxeira realizaranse nos idiomas respectivos.

## 7. Sistema de cualificación

A cualificación de cada un dos exercicios da fase xeral e da fase específica exprésase en números e de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais e con intervalos de 0,25 puntos.

A cualificación da fase xeral será a media aritmética das cualificacións dos catro exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

A cualificación da fase específica será a media aritmética das cualificacións dos tres exercicios, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas na fase xeral e na fase específica, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, arredondada á milésima máis próxima e no caso de equidistancia á superior.

O candidato ou candidata superará a proba cando obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación media final. Para o cálculo e consideración da nota media final, **é imprescindible acadar unha puntuación en cada unha das dúas fases igual ou superior a catro puntos.**

A nota de admisión para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao será a cualificación final obtida na proba.

Unha vez superada a proba de acceso, os candidatos e candidatas poderán presentarse de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Terase en conta a cualificación obtida na nova convocatoria sempre que esta sexa superior á anterior.

## 8. Publicación das cualificacións provisionais

As cualificacións provisionais da fase xeral publicaranse no taboleiro de anuncios da CIUG, nos LERD e a través da aplicación informática Nerta o día **23 de febreiro** (a partir das 15.00 horas).

As cualificacións finais provisionais (fase xeral e fase específica) publicaranse no taboleiro de anuncios da CiUG, nos LERD e a través da aplicación informática Nerta o día **10 de marzo** (a partir das 15.00 horas).

As resolucións polas que se publican estas cualificacións terán efectos de notificación oficial ás persoas interesadas.

## 9. Reclamacións ás cualificacións

Haberá dous prazos de reclamación.

Os candidatos e candidatas poderán presentar unha reclamación ás cualificacións provisionais de cada un dos exercicios (fase xeral e fase específica) despois de se publicaren, dentro do prazo establecido pola comisión organizadora.

O prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións será **do 24 de febreiro ata as 14.00 horas do día 25 de febreiro** para a fase xeral e **do 11 de marzo ata as 14.00 horas do 15 de marzo** para a fase específica).

As solicitudes de reclamación presentaranse a través da aplicación informática Nerta.

## 10. Publicación das cualificacións definitivas

As cualificacións definitivas (despois da resolución das reclamacións) publicaranse o día **22 de marzo** (a partir das 15.00 horas) e poderán consultarse na web da CiUG ([ciug.gal](http://ciug.gal)), nos LERD e a través da aplicación informática Nerta. A resolución pola que se publican estas cualificacións terá efectos de notificación oficial ás persoas interesadas e porá fin á vía administrativa. Contra esta resolución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia comisión. Neste caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia a resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

## 11. Efectos e acceso ao SUG

Aos candidatos e candidatas que superen esta proba no sistema universitario de Galicia, correspóndelles preferentemente, para os efectos de ingreso, as ensinanzas universitarias ofertadas polas súas universidades do SUG.

O alumnado realizará a fase específica na opción da súa elección e terá preferencia, para os efectos de ingreso, nas ensinanzas universitarias ofertadas polas universidades do SUG que estean vinculadas a cada unha das opcións, de acordo co establecido no anexo II desta convocatoria.

Para acceder ás titulacións universitarias do SUG con límite de prazos, o alumnado que supere a proba deberá presentar a súa solicitude de admisión no prazo e forma que indique a convocatoria de acceso ao Sistema universitario de Galicia. Para iniciar este proceso é preciso estar en posesión do certificado de superación da proba expedido pola CiUG.

No **anexo II** recóllese a adscrición preferente das opcións da proba de acceso á universidade das persoas maiores de 25 anos regulada polo Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (Art. 12.3), ás ramas de coñecemento das ensinanzas universitarias oficiais de grao do sistema universitario de Galicia para o acceso ao curso 2021/2022.

No **anexo III** recóllese o horario de realización das probas das fases xeral e específica.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021

Pedro Armas Dieguez

Presidente da CiUG

XEFES/AS DOS SERVIZOS DE ALUMNADO DAS TRES UNIVERSIDADES  
ENCARGADOS/AS DOS LERD  
RESPONSABLES DO PROGRAMA INFORMÁTICO NERTA

## ANEXO I

### Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERDs)

#### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



LERD 1 Campus de Santiago de Compostela  
Servizo de Xestión Académica  
Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela  
Tel.: 881 814 538 / 881 814 530  
Correo: [sxa@usc.es](mailto:sxa@usc.es)

LERD 2 Campus de Lugo  
Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa - Campus Universitario - 27002 Lugo  
Tel: 982 823 552  
Correo: [sxa.lugo@usc.es](mailto:sxa.lugo@usc.es)

#### UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

LERD 3 Campus de Elviña, A Coruña  
Pavillón de estudantes - Campus de A Coruña -15192 A Coruña  
Tel: 881 011 190 / 881 011 192 / 881 011 356  
Correo: [lerdcoruna@udc.es](mailto:lerdcoruna@udc.es)

LERD 4 Campus de Ferrol  
Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa - 15403 Ferrol  
Tel: 881 013 650 / 881 013 675  
Correo: [lerdfer@udc.es](mailto:lerdfer@udc.es)

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

Universidade de Vigo

LERD 5 Campus de Vigo - SIE  
Edificio Redeiras, Praza do Berbés, 11 – 36202-Vigo  
Tel: 986.813.630 / 986.813.755  
Correo: [sie@uvigo.gal](mailto:sie@uvigo.gal)

LERD 6 Campus de Ourense  
Unidade Administrativa - Area de Servizos á Comunidade Campus As Lagoas - 32004  
Ourense  
Tel: 988.387. 102  
Correo: [asc-ou@uvigo.gal](mailto:asc-ou@uvigo.gal)


LERD 7 Campus de Pontevedra  
E.U. de Enxeñería Técnica Forestal - Area de Servizos á Comunidade Campus A  
Xunqueira - 36005 Pontevedra  
Tel.: 986.801949  
Correo: [asc-po@uvigo.gal](mailto:asc-po@uvigo.gal)



## ANEXO II

### Adscrición da opcións

Adscrición preferente das opcións da proba de acceso á universidade para persoas maiores de 25 anos regulada polo Real decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño), ás ramas de coñecemento das ensinanzas oficiais de grao do SUG para os efectos de acceso.

 <b>UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b>		
<b>CAMPUS DA CORUÑA</b>		
<b>Código</b>	<b>Titulación</b>	<b>Opción</b>
6001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
6003	Grao en Bioloxía	B
6004	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ( <i>proba específica</i> )	D
6005	Grao en Ciencias Empresariais	D
6006	Grao en Comunicación Audiovisual	D
6007	Grao en Dereito	D
6008	Grao en Economía	D
6009	Grao en Educación Infantil	D
6010	Grao en Educación Primaria	D
6011	Grao en Educación Social	D
6012	Grao en Enfermaría ( <i>adscrita</i> )	C
6013	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	E
6014	Grao en Enxeñaría Informática	E
6015	Grao en Máquinas Navais	E
6016	Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo	E
6017	Grao en Arquitectura Técnica	E
6018	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	A
6019	Grao en Fisioterapia	C
6020	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	A
6021	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	A

6022	Grao en Logopedia	C
6023	Grao en Química	B
6024	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (adscrita) (condicións económicas especiais)	D
6025	Grao en Socioloxía	D
6026	Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil	E
6027	Grao en Terapia Ocupacional	C
6028p	Grao en Turismo (presencial)	D
6028o	Grao en Turismo (online)	D
6036	Grao en Estudos de Arquitectura	E
6037	Grao en Paisaxe (compartida coa USC–campus de Lugo)	E
CAMPUS DE FERROL		
Código	Titulación	Opción
7002	Grao en Enfermaría	C
7003	Grao en Enxeñaría Eléctrica DUAL	E
7004	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	E
7005	Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	E
7007	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	E
7008	Grao en Enxeñaría Mecánica	E
7011	Grao en Podoloxía	C
7012	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
7013	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	E
7014	Grao en Xestión Industrial da Moda	D
7015	Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación	A

**CAMPUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

<b>Código</b>	<b>Titulación</b>	<b>Opción</b>
4001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
4002	Grao en Bioloxía	B
4034	Grao en Biotecnoloxía	B
4003	Grao en Ciencia Política e da Administración	D
4004	Grao en Comunicación Audiovisual	D
4035	Grao en Criminoloxía	D
4005	Grao en Dereito	D
4006	Grao en Economía	D
4007	Grao en Educación Social	D
4008	Grao en Enfermaría	C
4009	Grao en Enxeñaría Informática	E
4010	Grao en Enxeñaría Química	E
4011	Grao en Farmacia	C
4012	Grao en Filoloxía Clásica	A
4013	Grao en Filosofía	A
4014	Grao en Física	B
4015	Grao en Historia	A
4016	Grao en Historia da Arte	A
4017	Grao en Lingua e Literatura Españolas	A
4018	Grao en Lingua e Literatura Galegas	A
4019	Grao en Lingua e Literatura Inglesas	A
4020	Grao en Linguas e Literaturas Modernas	A
4021	Grao en Matemáticas	B
4022	Grao en Medicina	C
4023	Grao en Mestre/a en Educación Infantil	D
4024	Grao en Mestre/a en Educación Primaria	D

4025	Grao en Odontoloxía	C
4026	Grao en Óptica e Optometría	C
4027	Grao en Pedagogía	D
4028	Grao en Psicoloxía	C
4029	Grao en Química	B
4030	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
4031	Grao en Traballo Social (adscrita) (condicións económicas especiais)	D
4032	Grao en Xeografía e Ordenación de Territorio	D
4033	Grao en Xornalismo	D
<b>CAMPUS DE LUGO</b>		
<b>Código</b>	<b>Titulación</b>	<b>Opción</b>
5001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
5021	Grao en Bioquímica	B
5022p	Grao en Empresa e Tecnoloxía (presencial)	D
5022s	Grao en Empresa e Tecnoloxía (semipresencial)	D
5004	Grao en Enfermaría (adscrita)	C
5018	Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	E
5006	Grao en Enxeñaría Civil	E
5009	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	E
5010	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	E
5011	Grao en Mestre/a en Educación Infantil	D
5012	Grao en Mestre/a en Educación Primaria	D
5013	Grao en Nutrición Humana e Dietética	C
5019	Grao en Paisaxe (compartida coa UDC–campus da Coruña)	E
5014	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (adscrita) (condicións económicas especiais)	D
5020	Grao en Robótica	E
5015	Grao en Veterinaria	C
5023p	Grao en Xestión Cultural (presencial)	A
5023s	Grao en Xestión Cultural (semipresencial)	A

Universidade de Vigo		<b>UNIVERSIDADE DE VIGO</b>
<b>CAMPUS DE OURENSE</b>		
<b>Código</b>	<b>Titulación</b>	<b>Opción</b>
1001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
1002	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	B
1003	Grao en Ciencias Ambientais	C
1005	Grao en Dereito	D
1006	Grao en Educación Infantil	D
1007	Grao en Educación Primaria	D
1008	Grao en Educación Social	D
1009	Grao en Enfermaría ( <i>adscrita</i> )	C
1010	Grao en Enxeñaría Agraria	E
1011	Grao en Enxeñaría Informática	E
1012	Grao en Traballo Social	D
1013	Grao en Turismo	D
1014	Grao en Xeografía e Historia	A
1015	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	E
<b>CAMPUS DE PONTEVEDRA</b>		
<b>Código</b>	<b>Titulación</b>	<b>Opción</b>
2001	Grao en Belas Artes	A
2002	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ( <i>proba específica</i> )	D
2003	Grao en Comunicación Audiovisual	D
2004 p	Grao en Dirección e Xestión Pública ( <i>presencial</i> )	D
2004 v	Grao en Dirección e Xestión Pública ( <i>virtual</i> )	D
2005	Grao en Educación Infantil	D
2006	Grao en Educación Primaria	D
2007	Grao en Enfermaría ( <i>adscrita</i> )	C
2008	Grao en Enxeñaría Forestal	E

2010	Grao en Fisioterapia	C
2011	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	D
<b>CAMPUS DE VIGO</b>		
<b>Código</b>	<b>Titulación</b>	<b>Opción</b>
3001	Grao en Administración e Dirección de Empresas	D
3002	Grao en Administración e Dirección de Empresas–Caixanova (adscrita) (proba específica)	D
3003	Grao en Bioloxía	B
3004	Grao en Ciencias do Mar	B
3005	Grao en Comercio	D
3006	Grao en Dereito	D
3007	Grao en Economía	D
3008	Grao en Educación Infantil (adscrita) (condicións económicas especiais)	D
3009	Grao en Educación Primaria (adscrita) (condicións económicas especiais)	D
3010	Grao en Enfermaría-Meixoeiro (adscrita)	C
3011	Grao en Enfermaría-Povisa (adscrita) (condicións económicas especiais)	C
3012	Grao en Enxeñaría da Enerxía	E
3013	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	E
3014	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	E
3015	Grao en Enxeñaría Eléctrica	E
3016	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	E
3017	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	E
3018	Grao en Enxeñaría en Química Industrial	E
3019	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	E
3020	Grao en Enxeñaría Mecánica	E
3022	Grao en Linguas Estranxeiras	A
3023	Grao en Química	B
3024	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	D
3025	Grao en Tradución e Interpretación: Español-Inglés	A

3026	Grao en Tradución e Interpretación: Español-Francés	A
3027	Grao en Tradución e Interpretación: Galego-Inglés	A
3030	Grao en Enxeñaría Biomédica	E
3031	Filoloxía Aplicada en Galego e Español	A

<b>OPCIÓN</b>	<b>NOTA</b>
Opción A. Artes e humanidades Opción B. Ciencias Opción C. Ciencias da saúde Opción D. Ciencias sociais e xurídicas Opción E. Enxeñaría e arquitectura	Esta relación de titulacións é provisoria.

## ANEXO III

Data e horario de realización da proba

### FASE XERAL

VENRES, 18 DE FEBREIRO DE 2022	
Mañá	
Hora	Sesión
08.30	Presentación do alumnado
09.00–10.30	Comentario de texto sobre un tema xeral de actualidade
10.30–11.00	Descanso
11.00–12.30	Lingua castelá
12.30–13.00	Descanso
13.00–14.30	Lingua galega
14.30	Fin da sesión
Tarde	
17.00–18.30	Lingua estranxeira
18.30	Fin da sesión

### FASE ESPECÍFICA

VENRES, 4 DE MARZO DE 2022	
Hora	Sesión
08.30	Presentación do alumnado
09.00–10.30	Debuxo técnico Química Historia do mundo contemporáneo Historia da arte
10.30–11.00	Descanso
11.00–12.30	Matemáticas Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais Xeografía Bioloxía
12.30–13.00	Descanso
13.00–14.30	Debuxo artístico Latín Volume Economía da empresa Ciencias da Terra e ambientais Literatura universal Física
14.30	Fin da sesión